

Suxestión á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas.

Nome: Plan especial de reforma interior do SUNC-232 Beiramar-Alfageme, Vigo

Tipoloxías: Outro planeamento urbanístico

Código: 2803/2025

Expediente: 2025AAE3035

Promotores: ABANCA SA, Aliseda SA, Inversiones Inmobiliarias Canvives SA

Órgano substantivo: Concello de Vigo

Eu, Daniel Uxío Reinoso Maset, con D.N.I. [REDACTED], licenciado en Historia e veciño de Vigo, solicito que:

A) O **depósito elevado de auga** do complexo Alfageme de Bouzas, **sexa protexido** (incluído no “*Catálogo de bens do patrimonio*” do devandito *PERI*), **conservado e reutilizado** debido ao seu innegable interese histórico, cultural, técnico e paisaxístico.

B) Este depósito sexa positivamente considerado e integrado nos diversos obxectivos e aspectos do desenvolvemento do devandito *PERI*, incluídos o seu correcto tratamento nos diversos documentos, planos, catálogo, estudos e memorias.

C) Concretamente, neste sentido, deberíanse refacer a “*Memoria. Catálogo de bens do patrimonio*” e o “*Estudo da paisaxe e da paisaxe urbana*” no tocante a este depósito elevado de auga.

D) Se considere a posibilidade de facer visitable este depósito para o público xeral, a xeito de miradoiro histórico, así como outros posibles usos compatibles como pérgola, abrigo, pantalla, letreiro, soporte artístico...

E) Se estude a relación entre o depósito e o extremo suroeste do cuarteirón “C.2b”, e se acaso este bloque sexa rebaixado nese extremo en alturas e formas, para permitir unha mellor visibilidade desde/hacia o depósito.

E en relación a isto expoño que:

1) No “*Plano de Ordenación. Alzados e seccións (non vinculante)*”. N.º *PORD05SECC*”, non se representa o depósito elevado de auga.

2) No informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en data 02/05/2023 sobre o documento de PXOM na súa fase de Aprobación Inicial, dícese que

“Ao resto das construcións que quedan integradas no ámbito de SUNC 232 poderáselles aplicar unha protección ambiental que protexa os elementos que se identifiquen no estudo específico que debe incorporar o planeamento de desenvolvemento.”

3) En consecuencia, na Aprobación Definitiva do PXOM de Vigo, a ficha do devandito *PERI SUNC-232* determina que *“Deberase realizar un estudo específico para identificar o resto de elementos e construcións que deben manterse, fachadas do local de vestiarios e outros que se detecten”*.

4) Nesta documentación, ao xeito daquel *“estudo específico”* esixido pola DXPC, hai unha *“Memoria: Catálogo de bens do patrimonio”*, na cal, aínda que se identifica o *“Depósito”*, apenas se di del que *“Este elemento non reviste interese algún dende o punto de vista histórico ou arquitectónico.”*, sen entrar a considerar a súa orixe e función dentro do conxunto fabril.

6) Esta *“Memoria. Catálogo de bens do patrimonio”*, e outros apartados da documentación aportada polos promotores é deficiente historiográficamente, incurrindo en múltiples erros de identificación, datación e relacións dos diferentes edificios e outros elementos do conxunto; esquecendose nesta *“Memoria”* publicacións de referencia no asunto como o libro *Alfageme. Historia e memoria* (Carmona, Xan; Iglesias, Xosé Ramón e López, Mariña). Ed. Instituto de Estudios Vigueses. Vigo. 2020. ou o libro *Las familias de la conserva* (Carmona Badía, Xan; Coord.). Pontevedra: Ed. Deputación de Pontevedra e ANFACO-CECOPECA, 2011.

7) No *“Estudo da paisaxe e da paisaxe urbana”* da *“Memoria xustificativa”* deste *PERI*, apenas se di que o depósito é un *“elementos de contraste”* (páx. 8).

8) No *“Documento Ambiental Estratéxico”* (páx. 26) asegúrase que *“O proxecto de urbanización analizará a viabilidade e posibilidade de conservación do depósito de auga existente para a recollida de pluviais e o seu emprego nas zonas de regadío e limpeza tanto públicas como privadas da urbanización”*.

E sobre os valores deste depósito apunto que:

1) O depósito de auga é o elemento de maior altura do complexo Alfageme de Bouzas, e sobresaí, non só por riba dos edificios do conxunto, senon tamén sobre a maioría das construcións da súa contorna. É así pois, un elemento senlleiro, visible dende moitos puntos da contorna, funcionando como fito e localizador incluso a distancias considerables (ver anexos 1 e 2).

2) Non hai data certa da construción do depósito¹, máis hai fotografías anteriores a que se completase da Avenida de Beiramar (circa 1950) na que xa se distingue a singular silueta do depósito de auga de Alfageme (ver anexo 2). A súa posta en servicio debe vincularse cunha solución común desta e outras grandes industrias da época e bisbarra, para asegurarse a provisión de auga a presión controlada de xeito independente ao suministro municipal neses anos de *pertinaz sequía*.


3) Os depósitos elevados de auga son un elemento de enxeñería moi estimados paisaxísticamente, tanto a nivel académico (<https://www.moma.org/collection/works/49624>), como popular (<https://www.facebook.com/groups/watertowerlove>).

4) En Vigo e bisbarra, os depósitos elevados de auga estaban comunmente asociados a instalacións industriais e portuarias. Debido a que as melloras no abastecemento xeral e outras solucións técnicas os volveron inecesarios, a maior parte destes depósitos elevados de formigón foron derribados nas últimas décadas. Así pois, este senlleiro depósito de auga de Alfageme de Bouzas non so é parte e referencia da industria á que pertence, senon tamén é exemplar supervivinte e representativo dun elemento de enxeñería, antigamente común, que está a desaparecer na cidade e bisbarra.

5) Debido ao dito anteriormente, poderíase afirmar deste depósito algo análogo ao que se dí no “*Estudo da paisaxe e da paisaxe urbana*” da “*Memoria xustificativa*” deste PERI sobre as grúas dos estaleiros próximos. Xa que tanto grúas dos estaleiros como o depósito de auga son por igual “*elementos puntuais a destacar no conxunto (...) que sobresaen sobre os edificios e a conserveira, traendo á escena o mundo industrial e portuario. Coas súas diferentes cores e estruturas, non se pode dicir que supoñan un factor negativo. Pola contra, aportan á paisaxe unha referencia contextual e identitaria*”.

¹ “Non se localiza no Arquivo Municipal documentación relativa a outras obras e intervencións, como a edificación de vestiarios, o gran depósito de auga e a vivenda familiar”. (p. 124) IGLESIAS VEIGA, XOSÉ RAMÓN. "Alfageme, un notable exemplo de arquitectura industrial", en *Alfageme. Historia e memoria* (Carmona, Xan; Iglesias, Xosé Ramón e López, Mariña). Ed. Instituto de Estudos Vigueses. Vigo. 2020.

Anexo 1: Visibilidade do depósito dende a contorna.










Anexo II: Fotografía antiga



Fonte: https://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Fotograf%C3%ADa_antiga_da_zona_do_Berbes_e_Bouzas_de_Vigo.jpg



Detalle da foto anterior.



Biblioteca Deputación Pontevedra. N.º Clasificación: TP62.70.1



Detalle da foto anterior



Biblioteca Deputación Pontevedra. N.º Clasificación: TP62.3.1.



Detalle da foto anterior.